



## CONCELLO DE SANTIAGO

### **BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN A FESTAS PATRONAIS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA 2020.**

Esta convocatoria ten por obxecto regular a concesión de subvencións a festas patronais do Concello de Santiago de Compostela de acordo coa *Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións* e do *Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións*.

#### **1.- Obxecto e finalidade:**

O obxectivo desta convocatoria é colaborar co movemento asociativo e veciñal no fomento da participación en eventos festivos.

Serán obxecto de subvencións os gastos realizados nas seguintes instalacións e actividades: parques de inchables, xogos populares, grupos e bandas de música, grupos de baile, corais, circuío de karts, charangas e festa da escuma.

#### **2.- Beneficiarios:**

A convocatoria vai dirixida a todas as asociacións de veciños legalmente constituídas no municipio ou no seu defecto ás comisión de festas e en defecto destas tamén poderá acollerse a esta convocatoria calquera outra entidade constituída xuridicamente no concello de Santiago.

As axudas outorgaranse mediante o procedemento de concesión en réxime de avaliación individualizada establecéndose como **único elemento de prelación** entre as solicitudes, o temporal; isto é, **a data de presentación da solicitude**.

#### **3.- Contías:**

A contía total que se destina a esta finalidade é de 26.800 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 2020 060 33800 48901

A concesión da subvención estará limitada á existencia de dispoñibilidade orzamentaria.

#### **4.- Actividades subvencionables:**

Serán obxecto de subvención os gastos realizados en instalación de infraestruturas e actividades de festas patronais das parroquias e barrios do Concello de Santiago de Compostela que teñan lugar entre o 1 de xaneiro e o 13 de outubro de 2020. As instalacións e actividades subvencionables nesta convocatoria son:

- Xogos populares
- Grupo de música
- Grupo de baile
- Coral
- Banda de música
- Parque de xogos inchables
- Karts a pedais
- Charanga
- Festa da escuma

#### **5.- Importe subvencionable**

O importe máximo subvencionable para cada solicitante e para cada festa é de 800 €. Cada entidade poderá optar a **unha única axuda por ano**.

#### **6.- Solicitantes. Requisitos.**

Poderán acollerse a esta convocatoria todas as asociacións veciñais legalmente constituída no municipio ou no seu defecto as comisión de festas e en defecto destas tamén poderá acollerse a esta convocatoria calquera outra entidade constituída xuridicamente no municipio que cumpran os seguintes requisitos:

1. Ter personalidade xurídica e capacidade de obrar.
2. Figurar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Santiago, con anterioridade á publicación desta convocatoria, e ter actualizados os seus datos no citado Rexistro, consonte co que dispón o artigo 17 do *Regulamento de Participación Cidadá*.

3. Estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social, a Xunta de Galicia e co Concello de Santiago de Compostela.
4. Non estar incursas en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria das subvencións previstas no artigo 10 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.
5. Ter xustificada en prazo calquera outra subvención outorgada polo Concello de Santiago.

#### **7.- Documentación da solicitude**

A documentación que conformará a solicitude é a seguinte:

1. Anexo 1 das bases que conterá: Datos da entidade e da festa, declaración xurada de ausencia de débedas e acordo de solicitude e designación de representante.
2. CIF da entidade
3. NIF do/a representante
4. Certificado de conta bancaria

#### **8.- Obrigas dos beneficiarios.**

Os beneficiarios da subvención estarán obrigados ao cumprimento das disposicións que sinala o artigo 11 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia* e as que, especificamente se relacionan a seguir

- a) Cumprir co obxectivo das actividades obxecto da subvención.
- b) Xustificar o cumprimento da finalidade da actividade obxecto da concesión da subvención.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación e control dos órganos competentes e achegar a información que se lle requira.
- d) Comunicarlle ao Concello a solicitude e obtención de outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse cando se realice a solicitude ou se coñeza a concesión e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da subvención que se conceda.

- e) Facer constar en toda a publicidade e difusión do programa subvencionado a colaboración do Concello de Santiago de Compostela, incluíndo a marca gráfica (logotipo) do concello na forma que este estableza. Isto será de aplicación para calquera material: folletos, carteis, web da entidade, etc. O departamento de Acción Cultural facilitará as instrucións precisas para a correcta aplicación da imaxe do Concello de Santiago.
- f) Comunicarlle á concellaría de Acción Cultural as datas e lugares definitivos das actividades.

Destas obrigas responderán as asociacións solicitantes a través dos seus representantes legais, que serán os que asinen a solicitude. Se houber cambios na citada representación, deberán ser comunicados ao departamento correspondente. Os novos representantes subrogaranse nas obrigas indicadas nesta convocatoria.

#### **9.- Prazo e presentación de solicitudes:**


O prazo de presentación de solicitudes rematará o día 20 de agosto de 2020 e comezará o día seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no BOP de A Coruña.

As entidades interesadas que cumpran os requisitos que determinan estas bases deberán presentar unha única solicitude nas oficinas de rexistro do Concello:

- Rexistro xeral: rúa Presidente Salvador Allende, 4 baixo (Galeras)
- Rexistro auxiliar do Ensanche: rúa Frei Rosendo Salvado, 14-16
- Tamén poderán presentarse nos rexistros e oficinas ás que se refire artigo 16 da *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*. Neste caso deberá remitirse, dentro do prazo límite de presentación de solicitudes, unha copia da instancia, debidamente presentada, ao correo electrónico [teatroprincipal@santiagodecompostela.gal](mailto:teatroprincipal@santiagodecompostela.gal)

#### **10.- Resolución e notificación:**

O órgano competente para resolver as solicitudes será a Xunta de Goberno; previo informe do técnico correspondente.



## **CONCELLO DE SANTIAGO**

O departamento xestor notificaralles as resolucións e outras comunicacións aos interesados preferentemente a través do correo electrónico cando a entidade solicitante dispoña do mesmo e o indique na solicitude correspondente.

### **11.- Xustificación e pagamento:**

O prazo de xustificación vai do 1 de setembro ao 15 de outubro de 2020.

### **12.- Documentación de xustificación**

A documentación a presentar para a xustificación é a seguinte:

1. Anexo 2 contendo os datos da festa, declaración de ausencia de débedas e memoria da actividade realizada
2. Factura orixinal ou copia cotexada da actividade realizada.
3. Resgardo orixinal ou copia cotexada da transferencia bancaria acreditativa do pago.

### **13.- Incumprimentos:**

O incumprimento do deber de xustificación sinalado na base 8 implicará a revogación automática do acordo de concesión.

### **14.- Compatibilidade con outras axudas**

Estas axudas serán compatibles con outras outorgadas polo propio Concello de Santiago de Compostela ou outras administracións sempre que se cumpra co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

### **15.- Réxime xurídico:**

En todo o que non estea previsto nestas bases aplicaranse as seguintes normas:

- *Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións*
- *Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións.*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

- *Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia*
- Bases de execución do orzamento do Concello de Santiago

Calquera outra disposición que, pola súa natureza, resulte de aplicación.

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2020

O alcalde

Asdo.: Xosé Antón Sánchez Bugallo



## CONCELLO DE SANTIAGO

### ANEXO 1 - MODELO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA FESTAS PATRONAIS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

#### DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

<input type="checkbox"/> ASOCIACIÓN DE VECIÑOS	<input type="checkbox"/> COMISIÓN / OUTRA ENTIDADE
--	--

NOME	
CIF	
ENDEREZO	
TELÉFONO	
E-MAIL	

#### DATOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL

NOME	
DNI	
CARGO	
ENDEREZO	
TELÉFONO	
E-MAIL	

#### DATOS RELATIVOS AO EVENTO PARA O QUE SOLICITA A SUBVENCIÓN


FESTA	
DATA DE CELEBRACIÓN	
LUGAR DE CELEBRACIÓN	

#### ACTIVIDADE PARA A QUE SOLICITA SUBVENCIÓN

<input type="checkbox"/> Xogos populares	<input type="checkbox"/> Karts a pedais	<input type="checkbox"/> Coral
<input type="checkbox"/> Festa da espuma	<input type="checkbox"/> Grupo de música	<input type="checkbox"/> Charanga
<input type="checkbox"/> Xogos inchables	<input type="checkbox"/> Grupo de baile	<input type="checkbox"/> Banda de música
IMPORTE DA ACTIVIDADE		
SUBVENCIÓN QUE SOLICITA		

#### DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA:

- DNI representante
- CIF da entidade solicitante
- Certificado de conta bancaria



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

**CERTIFICACIÓN DO ACORDO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN E NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE**

D./Dña. \_\_\_\_\_ , con NIF

\_\_\_\_\_

como secretario/a da asociación/entidade

\_\_\_\_\_

**CERTIFICO:**

Que na reunión da xunta directiva celebrada o día \_\_\_\_\_ , adoptouse o acordo de presentación da solicitude de subvención para festas patronais convocada polo Concello de Santiago de Compostela.

Que se acordou nomear, como representante da entidade para as relacións co Concello, a D/D<sup>a</sup>

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

E para que conste, asino esta presente certificación en Santiago, o \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2020

Visto e Prace

Asinado:

O/A presidente/a,

O/A secretario/a,



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

**DECLARACIÓN XURADA (asinada polo/a representante legal da asociación/entidade)**

D./Dna. \_\_\_\_\_, con NIF  
\_\_\_\_\_, como representante da asociación


DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- A. Que a entidade que represento está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Territorial da Seguridade Social, á Administración Autonómica e ao Concello de Santiago de Compostela.
- B. Que a entidade non está inhabilitada nin incurso en prohibición para acceder á condición de beneficiarios de subvencións da Administración Pública de conformidade co establecido no artigo 10 da *Lei 9/2007 de subvencións de Galicia*.
- C. Que, en relación con outras axudas procedentes de administracións públicas ou entidades privadas, a asociación que represento,
- NON solicitou outras axudas para esta mesma finalidade
- SI solicitou as seguintes axudas para esta mesma finalidade

Entidade/institución á que se lle solicitou	Importe solicitado	Importe concedido

E para que conste, asino esta declaración en Santiago, o \_\_\_\_\_ de  
\_\_\_\_\_ de 2020

Asinado: o/a representante legal



## CONCELLO DE SANTIAGO

### ANEXO 2 - MODELO DE XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN PARA FESTAS PATRONAIS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

#### ENTIDADE SOLICITANTE E ACTIVIDADE

NOME	
NIF / CIF	
FESTA PATRONAL	
DATA DA FESTA	
LUGAR DE CELEBRACIÓN	
ACTIVIDADE SOLICITADA	

#### REPRESENTANTE LEGAL

NOME			
DNI		CARGO	
TELÉFONO		E-MAIL	

D./Dna. \_\_\_\_\_, con DNI

\_\_\_\_\_, como representante da entidade

DECLARA que se realizou a

festa \_\_\_\_\_

e que se levou a cabo a actividade subvencionada por esta convocatoria.

Que a entidade que represento está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Territorial da Seguridade Social, á Administración Autónoma e ao Concello de Santiago de Compostela.

E para que conste, asina esta declaración en Santiago, o \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2020

Asinado: O/A representante legal

**MEMORIA DA FESTA PARA A QUE SE SOLICITOU A SUBVENCIÓN**

(Descrición, programa, número de participantes, balance, etc)

Engadir follas adicionais en caso necesario

Santiago de Compostela, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2020

Asinado: o/a representante legal

Este anexo deberá vir acompañado da factura da actividade e a acreditación do seu pago mediante transferencia bancaria (orixinais ou copias cotexadas, en ambos casos).